

ECOCRÍTICAS. PALABRAS E IMAXES NUNHA VISIÓN INTERDISCIPLINAR

ANA ACUÑA TRABAZO

Universidade de Vigo

MARÍA XESÚS NOGUEIRA PEREIRA

Universidade de Santiago de Compostela

E se non tivésemos imaxes que nos representen e expresen? Poderemos ir, outra volta, do declive e a destrución, da perda de «partillarmos o ollar» á súa construción?

MARGARITA LEDO (2009: 46)

A emerxencia de creacións artísticas que teñen como eixe as preocupacións medioambientais deu lugar a etiquetas como *ecoliteratura* ou *ecocinema*, até o momento pouco exploradas. A condición híbrida destas manifestacións, que combinan a palabra (nomeadamente a poesía) e a imaxe (a fotografía, a escultura, a videocreación, o cinema) están detrás dun proxecto que tivo como primeiro xermolo a xornada *Eco-críticAs: palabras e imaxes*, celebrada en Pontevedra en novembro de 2017.

A análise destas manifestacións demandaba non só un estudo ao abeiro da ecocrítica senón tamén unha exploración das relacións entre natureza e xénero á luz das achegas metodolóxicas dos ecofeminismos. A interartisticidade e a hibridación de códigos que comparten tales creacións sitúaaas a miúdo nas marxes das industrias culturais e confínaas nun espazo desatendido por unha investigación lastrada por unha resistencia á interdisciplinabilidade e que este monográfico quere superar na liña do sinalado por Velasco (2015) e por Flys; Marrero; Bardella (2010: 22):

Aunque la ecocrítica se ha dedicado inicialmente al análisis literario, este sesgo también empieza a cambiar. Progresivamente se incluyen en esta corriente más análisis de otras manifestaciones culturales; como pueden ser el arte y el cine, aunque todavía son pocos.

A nosa concepción do volume parte da relevancia desas manifestacións (incluídas nas chamadas «humanidades ambientais»), de aí a presenza de tres artigos (de Luís E. Froiz, Celia Parra e Irene Basanta Pin) dedicados ás producións audiovisuais dado o seu papel no discurso ecosocial xa que propoñen imaxes que apostan por unha mirada outra (Rodríguez Mattalía 2018).

Dende unha perspectiva ecocrítica e ecolóxica, dous artigos estritamente literarios pertencen ao ámbito lusófono (de Ana Maria Martinho e Alberto Luiz Schneider) e abordan, maioritariamente, o xénero narrativo e ensaístico nos países africanos de expresión portuguesa e no Brasil. No ámbito galego unha colaboración (Ana Acuña e M^a Xesús Nogueira) detense na relación entre as imaxes fixas ou móbiles e a poesía, sen esquecer as referencias a outras manifestacións culturais relacionadas.

Tamén reservamos un espazo para a educación como disciplina implicada na cultura ecolóxica non androcéntrica e na mediación coa arte. Neste sentido, algúns artistas entenden a arte e a educación como unha fractura do cotián, unha forma de cuestionar a sociedade e a cultura que nos rodea (Blanco; Cidrás *apud* Poncela 2022). Ese pode ser o caso das creadoras que no apartado «Open Space» escriben sobre os seus proxectos artísticos persoais (Yolanda Herranz e Celeste Garrido) ou sobre os dos demais (Xosé María Álvarez Cáccamo sobre a poesía de Luísa Villalta e a fotografía de Maribel Longueira). Creadores e creadoras, ademais de docentes, mostran na súa obra ou na obra doutras a corporalidade e a multisensorialidade, experiencias que nos permiten entender o monográfico como un «contorno» (Tafalla 2019).

ESTUDOS

Da condición híbrida da linguaxe da videopoesía e do estudo de creacións arredor dos conceptos de corpo, muller, espazo e cultura ocúpase o artigo «Natureza dixital: videopoesía desde unha ollada ecocrítica», de Celia Parra. A investigadora e (video)creadora repara na intersec-

ción que se produce nestes formatos entre o natural e o dixital e, logo da análise de varios exemplos, considera que «a videopoesía, co seu corpo dixital, pode camiñar da man dunha necesaria visión ecocrítica do noso hábitat».

Sobre a linguaxe audiovisual, e máis concretamente sobre o cinema, trata o traballo de Irene Basanta Pin, «Unha apoloxía da natureza: cineastas galegos no ronsel da ecocrítica». A estudosa achégase, a través de varias realizadoras enmarcadas no ecocinema, a diferentes fórmulas de relación entre a natureza humana e non humana. Alén de salientar o carácter híbrido e fronteirizo –a respecto do documental– do movemento Novo Cinema Galego, salienta a importancia das olladas ecocríticas no audiovisual.

O cinema experimental, nomeadamente a triloxía *qatsi*, de Godfrey Reggio, é o obxecto de estudo de Luís E. Froiz no traballo «A triloxía *Qatsi*: unha análise do equilibrio da vida desde unha perspectiva posthumanista e o seu reflexo na realidade de Galiza e Portugal». Da análise das tres pezas que conforman o ciclo e que o autor considera exemplos de ecocinema conclúe que o posthumanismo é «a visión principal desde a que podemos comprender a proposta» do realizador, que supuxo «un cambio de paradigma no xeito de filmar o noso contorno».

Sobre a representación das agresións medioambientais, a perda e o ecocidio na literatura e nos discursos interartísticos trata o artigo «Escrituras de terra e de auga. Palabras e imaxes sobre a desposesión», de Ana Acuña Trabazo e María Xesús Nogueira Pereira. O estudo analiza composicións que abordan, desde diferentes códigos a miúdo híbridos e espazos diversos, problemas derivados da acción do ser humano que implican mudanzas nos modos de vida, na relación co medio e na identidade.

Ao intelectual do Brasil Gilberto de Mello Freyre, pioneiro na consideración de cuestións medioambientais e ecolóxicas, dedica Alberto Luiz Schneider o seu traballo, «*A propósito da devastação das nossas matas*»: ambientalismo, preservacionismo e Iberismo como crítica à modernidade em Gilberto Freyre (1923-1937)». A súa é unha análise complexa do pensamento dun autor que, desde o tradicionalismo e o

iberismo, mostra unha preocupación, inusual no seu tempo, por problemas como o monocultivo do azucre ou a contaminación e unha «sensibilidade ecolóxica, empregada como arma crítica em relação a dissolução do pasado».

Ana María Martinho, «Literaturas africanas, ecosistemas e resistencia», mostra o que a literatura africana pode achegar ao debate sobre ecoliteratura e ecocrítica. Con esta finalidade, ademais de aludir ao escritor angolano Arlindo Barbeito, analízanse obras contemporáneas do tamén angolano Ruy Duarte de Carvalho (con contributos sobre os modos de representar a relación entre o home e a natureza), a mozambicana Paulina Chiziane (cuxa obra destaca o papel das mulleres na sociedade) e a caboverdiana Dina Salústio (para quen a cuestión do espazo é unha categoría crítica). Por último, a profesora Martinho reserva un espazo para a oratura pois os seus textos sempre manifestan a relación entre o ser humano e a natureza.

A colección de artigos complétase co traballo «ArtEducación. Experiencias na educación artística», na que a investigadora e crítica Natalia Poncela senta, a partir da análise de experiencias levadas a cabo por distintas institucións nos últimos 15 anos, bases metodolóxicas para a mediación artística. A autora fai unha serie de reflexións sobre o concepto da *arteducación* nas que aborda cuestións como os novos modelos educativos e de mediación, a arte colaborativa e o xénero, e senta bases metodolóxicas innovadoras.

O monográfico complétase, na sección «Open Space», con tres valiosas reflexións. Nunha delas, «Tres poemas de Luísa Villalta. A imaxe antropomórfica», o ensaísta e poeta Xosé María Álvarez Cáccamo analiza composicións dun produto híbrido: o libro *Papagaio* (2006), no que a poeta coruñesa fai dialogar os seus textos con fotografías de Maribel Longueira.

Sobre escultura, natureza e xénero tratan as achegas de Yolanda Herranz e Celeste Garrido. A primeira leva a cabo, en «Creación e investigación artística. Texto, Naturaleza, Cuerpo y Género», unha reflexión na que sintetiza unha tripla visión: a da creadora, a da docente e a da investigadora. Ademais da importancia da natureza como lugar de

experiencia artística, a autora salienta a importancia da interrelación entre o corpo e a natureza na súa obra.

O corpo está tamén presente en «Con outra mirada», reflexión persoal da escultora Celeste Garrido arredor da arte, o espazo e o xénero. Logo de describir as súas intervencións artísticas sobre espazos naturais, explica que o interese polo corpo feminino como eixe constituíu un punto de inflexión na súa creación.

Esperamos que as diferentes análises e reflexións reunidas neste monográfico poidan contribuír aos obxectivos da ecocrítica, co estudo das relacións entre a literatura e outras producións culturais co medioambiente (Flys 2015), e do ecofeminismo, coa súa redefinición da nosa relación co mundo non humano e a relación entre os sexos (Velasco 2015) e, en último termo, a crear unha sociedade máis igualitaria e respectuosa coa contorna.

AGRADECEMENTOS

As editoras agradecen a todas aquelas persoas que directa ou indirectamente participaron neste número, especialmente ás autoras e autores que nos acompañaron dende aquela xornada de 2017 en Pontevedra. Grazas tamén a Viki Rivadulla, creadora da portada, por ilustrar coa súa «Conversa» as palabras e as imaxes deste monográfico.

FINANCIAMENTO E RECOÑECEMENTOS

Este monográfico vincúlase ao proxecto de investigación «O tropo animal: Unha análise ecofeminista da cultura contemporánea de Galicia e Irlanda/El tropo animal: Un análisis ecofeminista de la cultura contemporánea de Galicia e Irlanda» (PGC2018-093545-B- I00 (MCIU/AEI/FEDER/UE) dirixido por Manuela Palacios González.

BIBLIOGRAFÍA

- FLYS JUNQUERA, Carmen; MARRERO HENRÍQUEZ, José Manuel; BARELLA VIGAL, Julia (2010). «Ecocríticas: el lugar y la naturaleza como categorías de análisis literario». Carmen Flys Junquera; José Manuel Marrero Henríquez; Julia Barella Vigal (ed.). *Ecocríticas. Literatura y medio ambiente*. Madrid: Iberoamericana/Vervuert, 15-25.
- FLYS JUNQUERA, Carmen (2015). «Ecocrítica y ecofeminismo: diálogo entre la filosofía y la crítica literaria». Alicia H. Puleo (ed.). *Ecología y género en diálogo interdisciplinar*. Madrid: Plaza y Valdés editores, 307-320.
- LEDO, Margarita (2009). *Do bucle e da fenda: para un ensaio crítico da cultura galega*. A Coruña: Real Academia Galega.
- PONCELA, Natalia (2022). «ArtEducación. Experiencias na educación artística». Monográfico: *Ecocríticas: Palabras e imaxes, Abriu 11*.
- RODRÍGUEZ MATTALÍA, Lorena (2010). «Audiovisuales y discurso ecosocial: de la casa a la intemperie». José Albelda; José María Parreño; J. M. Marrero Henríquez (coord.). *Humanidades ambientales: Pensamiento, arte y relatos para el siglo de la gran prueba*. Madrid: Catarata, 164-181.
- TAFALLA, Marta (2019). *Ecoanimal. Una estética plurisensorial, ecologista y animalista*. Madrid: Plaza y Valdés.
- VELASCO SESMA, Angélica (2015). «Más allá del mecanicismo: heroínas ecológicas del imaginario actual». Alicia H. Puleo (ed.). *Ecología y género en diálogo interdisciplinar*. Madrid: Plaza y Valdés editores, 341-358.



Copyright © 2022. This document is under a Creative Commons Attribution-Noncommercial-No Derivative Works 3.0 Unported License. To see a copy of this license click here <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/legalcode>.